

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL  
ANO VII — NÚMERO 188 — 1.º JULIO 1923

## NOITE DE SAN XUAN

Noite de San Xuan, na que reverdecen total-as lembranzas da mocidade.

Noite de San Xuan, noite dos amores novos, en que debullábamnos tenros segredos a carón das mozas brincadeiras; das mozas que pasaban o ano a rente de nós sin atrevernos a falalas.

Noite de santa paganía, en que ollábamnos o saír da lúa coa misteriosa devoción de lëndas milagreiras, e lavábamnos os nosos corpos con ablucións d-auga de rosas; e tapábamnos os buratos das portas e fenestras con herbas cheirosas e frores campestres para que as bruxas e os trasnos non entrasen nas nosas casas. Lëndas que nos falaban de anadas farturentas; auga de rosas que daría nova e forte saude aos corpos; herbiñas cheirosas que gardarían-as virtudes do fogar contra dos espíritus malinos e cativos.

Na aira do veciño, ao carón d-unha fenestra entreaberta hai unhas miudas pedriñas brancas; son pedras de sal que puxo ao relente do luar a rapaza das guedellas loiras para ter axiña casamento.

Tamén enriba do piorno, para que o raposo non-os coma, hai unhos ovos de galiña; son da velliña que anda alindando a vaca pol-os cómaros dos camiños por non ter terras de seu. Puxos alí en procuro da sorte para o seu fillo que está n-a América.

Eramos nenos e inda íbamos á escola. Para facer o *lume novo*, o que nós chamábamnos o *lume novo*, xuntábamnos os nenos de cada barrio, porque o lume de cada barrio había ser millor que o de todol-os demais. E arraxábamnos para o noso lume total-as cousas vellas que podían queimarse: os trastos dos fayados, os couceiros das hortas secas, os carabullos que atopábamnos nas corredoiras e nas rúas da vila, os paus podres das gavias, o estrume dos valados vellos; todo o que non valía para nada valía para ser queimado; e cando todo ardía, saltábamnos trunfalmente por riba do lume, como salta a vida por riba de total-as cousas mortas.

Noite de luar, noite de resurrección, en que se sinte remexer nas árbores, brilar nas estrelas e andar na terra o espírito ancestral da raza remozado na lembranza dos seres quiridos que aquela noite baixan a falarnos da santidad do fogar.

Noite en que total-as almas agardan algo novo, e limpamos os seus corpos, e comulgan coa natureza para purificar o espírito, e no lume sagrado queiman total-as cousas vellas para preparar a nova vida.

Lume sagrado da noite de San Xuan. Hoxe véxote a través da miña fenestra n-unha estreita rúa da cidade. Estás cativo e medoñento; alumean mais que ti os faroles da verbena; o teu lume xa non rube hasta as nubes onde

os espíritus dos nosos país agardan a súa ofrenda, porque te afogan as percalinas das bandeiras da festa; na tua beira unha mocidade esmirriada choutea ao son d-un orgánico; xa non hai herbas cheirosas, nin as rapazas miran para a lúa, nin os mozos atreven a saltarte. ¿É que na Cidade non hai cousas que queimar no *lume novo*?

Eu teño enriba da táboa unhos libros cubertos de coiro. Penso no probe animal que tivo que morrer para un destino tan cativo. Son libros de leis que non se cumpren. ¡Que ben arderían no *lume novo*! “Sufragio Universal”, “Constitución”, “Democracia”, ¿qué será iso da democracia? ¡Todo para o lume de San Xuan! E n-aquela ringleira que fai renxel-o estante hai unhos tomos que se chaman “Historia de España”. ¡Qué mentira! Falan de grandes Reis conquistadores, de loitas pol-a liberdade, de glorias patrias, e onde fala do pobo galego, onde das libertades galegas?; en ningures; todo vello, todo mentira, todo para o lume! Follas mouras, xornaleiras, que a diario leo coa esperanza—¡probe de min!—de atopar n-elas cousas novas, e ano tras ano sempre n-elas vexo as mesmas cousas: *Parlamento*, *Mensaxe da Coroa*, *Marrocos*... ¿De cando é iste *Mensaxe*? Eu xa o lin o ano pasado, fai dos anos, fai cinco anos, fai vinte anos; e aquí están todos, todos iguais coas datas trabucadas; fixen o pecado de gardalos. Discursos, manifestos, folletos, xornales, todos os mesmos, todo vello; ¡todo para o lume!

En todol-os fogares da Cidade hai cousas vellas para queimar; cousas vellas que non deixan respiro á vida. ¡Alixéirade os vosos corpos e as vosas almas das cousas vellas! ¡Lume sagrado e purificador da noite de San Xuan! ¡Fagamos todos o *lume novo* na praza meirande da Cidade, no que se queimen entre as roxentas labaradas todol-os valores da vida que nos impuñeron, d-esta vida con que nos escravizaron para que non poidera nacer a nosa vida, a vida de Galicia, a vida que temos que facer nós, libres de todos e libres de todo. Saltemos todos por riba do lume como cando éramos nenos! E si algún deus o pulo pequeno e caiu queimado no fogo, o seu sacrificio será eixemplo i-enseño para dar os que queden un pulo mais forte. E si o fogo rube tanto ao ceo que queima as percalinas das bandeiras, tamén quedará mais libre o espacio, e ensinará-nos a poñer despois a nosa bandeira sempre no mais outo, sin deixala nunca ao rente do chán, para que a vexa todo o mundo, e para que non-a queime ningún fogo!

L. PEÑA NOVO.

Na noite do San Xuan do ano 1923.

# Encol do arredismo

## I

Novamente volve a estar de actualidade a cuestión arredista (separatista en castelán). O eixo da cuestión é Cataluña, a nacionalidade mais viva de cantas compoñen o Estado hespañol. Son moitas sin dúbida as razóns que xustifican a existencia d'ese sentimento. Ninguén pode negar a existencia d'un sentimento nacionalista, en cada ún dos pobos ibéricos. N'algúns, aquel sentimento maniféstase máis radicalmente e de ahí ven o de lle chamar arredista. Estes movementos, d'unha gran forza ideolóxica, van directamente contra a organización actual do Estado hespañol. Contra ese Estado que vai camiño d'unha disolución definitiva. E cabe preguntar: ¿quen na Hespaña non se sente actualmente arredado do Estado? Todos, absolutamente todol-os hespañoles viven divorciados do Estado. Hai unha excepción que forman os que d'él dependen e á súa conta se manteñen.

O Estado e o pobo non somentes viven arredados senón que se odian. O Estado e o pobo, os dous factores d'unha nación, que sempre debían camiñar xuntos, no caso concreto de Hespaña parecen negal-a existencia da nación hespañola.

Ademais de outras razóns, abonda esta para demostrar que Hespaña, como nación, non existe, aínda que dende logo exista o Estado hespañol con un pobo que parece non lle pertencer.

O divorcio entre o Estado e o pobo está ben craro. Xá se falou moito d'esto e homes de máis autoridade que a miña téñeno ben demostrado.

Pergúntese sinon a cada hespañol e ollarase como é certo o que decimos. Cada ún dos cidadans hespañoles non somentes procura non rendir nada en favor do Estado, senón que ademais o rouba sempre que pode.

O pobo pide, o pobo protesta e o Estado sempre aparece xordo, indiferente. Unhá proba d'elo é a campaña de Africa, da que o pobo está moralmente, e si poidera tamén materialmente, arredado. O Estado empéñase en continual-a e o pobo cada vez maniféstase máis pol-o abandono. Un hespañol que val non pode conquistar nada do Estado senón é por medio da recomendación. Hespaña é un país de recomendacións. O que as teña sube, o que non afógase ou limitase a traballar sin pensar na cousa oficial e aínda odiándoa porque non-o protexe.

Os parlamentos non representan a opinión popular senón a dos homes que desgobernando gobernan o Estado. N'unhas eleccións, o pobo sofre os máis grandes atropellos e a súa vontade é sempre afogada. Os altos organismos oficiáis parece que foron creados para amolar ó pobo. O Estado non protexe as industrias particulares. O Estado nin siquiera protexe a vida dos seus cidadáns. Barcelona é un exemplo vivo.

Agora mesmo, prantéase a cuestión de Cataluña nas Cortes, un problema que o Estado ten obriga de resolver, e o xefe do Goberno di que non tolera que se lle fale de tal cousa. Isto, ademais de demostrál-a incapacidade dos homes de Estado hespañoles, é unha proba máis do que decimos. Cando o que debía facer o Goberno era estudar e procurar resolver aquel problema, o único que fai é dicir que non consinte que se lle fale d'él.

Así os problemas agudízanse cada día máis e así cada día tamén o pobo perde a confianza nos homes que rixen o Estado, e hora tras hora aquel arredamento acentúase. Como di admirablemente Peña Novo, o Estado hespañol non fai nada por resolver os problemas que se lle pran-

tean hasta que toman carácter de conflictos e despois qué-reos resolver pol-a forza.

Detalles coma os que levo citado poderíanse citar a feixes, pero non fai falla porque non remataría nunca e ademais están no ánimo de todo hespañol. Todos, ollando a cousa imparcialmente, saben que é unha realidade este arredamento do pobo para o Estado, e d'este para aquel. E como na Hespaña cada día hai máis problemas, cada día tamén vai en aumento ese divorcio porque o Estado non fai nada para resolvel-os. A cousa xá non tén remedio e camiña cara unha desfeita. E o fracaso definitivo d'un Estado. Diráseme que o pobo está en relación co Estado. Poidera ser, eu casi o creio así. Agora que hai excepcións e d'elas falaremos máis adiante.

Quedamos, pois non fai falla demostrál-o máis, que o pobo hespañol, na súa maioría, vive arredado do Estado hespañol. Ese arredamento está plenamente xustificado, demostrado e aínda autorizado pol-o coñecimento que d'él teñen todol-os hespañoles. E agora xurde unha pregunta: ¿unha nacionalidade ou rexión hespañola, que, ao fin ven a ser unha comunidade de arredistas particulares, non pode ter tamén ese sentimento arredista colectivamente?

Eu penso que sí. O tema é interesante e voltaremos a total-o n-outros aspectos ao mesmo tempo que contestaremos tamén a esa pregunta.

VICTOR CASAS.

## Conferencia notabre

Deuna en Vigo o noso irmán na Causa, Arturo Noguero, ilustre xurista ourensano, con motivo da Exposición do album de Castelao.

Falou da orientación nacionalista do galeguismo, e foi a conferencia un admirabre corpo de doutrina, no que crasificou e sistematizou d-un xeito critaño os diversos aspectos do sentimento galeguista, demostrando como todos istos sentimentos teñen a súa conclusión natural no sentimento nacionalista.

O conferenciante, que foi escoitado con entusiasmo pol-a numerosa concurrencia, composta dos máis sinificados elementos da cidade irmá, presentouno o presidente da "Liga de Defensores de Vigo", Sr. Manuel Gómez Román, un dos homes de máis valimento de Galicia. Gómez Román tén no seu pobo unha misión das máis gloriosas que pode arelar un home: arquitecto notabre, creador da maxestuosa grandeza do Vigo moderno, está tamén construíndo a espiritualidade do seu pobo. En ninguén coma n-él ten aplicación aquela famosa frase de Castelao: "En Galicia sobran arqueólogos e complen arquitectos", na que Castelao quixo referirse á necesidade de homes creadores que seipan ir cincelandos nas almas a silueta gloriosa da nosa enxebreza.

A nosa embora a Noguero pol-o gran eisito, non por descontado menos meresciente de gabanza, e por haber dado motivo para que Gómez Román o presentase en galego, confirmando en pública solemnidade o seu sentimento nacionalista e co d-él o dos valiosos elementos que dirixe.

Papel de fumar

**NOROESTE**

## A nova política social

O primeiro fenómeno democrático que nos presenta a post-guerra é a radical transformación dos ideás políticos e sociás de total-as nacións belixerantes.

Denantes da guerra había problemas políticos e sociás compretamente difrentes. As grandes organizaciós sociais, sobor todo obreiras vivían n-un total isolamento da política. A guerra veu demostrál-a imposibilidade da vida política sin a intervención dos grandes núcleos sociás, e a imposibilidade do triunfo dos ideás socialistas sin a fiscalización popular n-o goberno nacional. Por iso tales problemas viñeron a xuntarse n-un soilo, e xa non hai problemas políticos e problemas sociás, sinon problemas político-sociás.

Ista nova conceición dos grandes problemas colectivos non podía caber dentro do estreito criterio da vella vida política, que samente tiña a raquítica finalidade de conservar un dereito que non era o dereito da Xusticia, un dereito criado pol-a forza e sostido pol-a forza; un dereito que se cumpría non por ser xusto sinon porque o mandaban as leis, que tampouco eran obedecidas por seren boas, sinon porque as imponía o Poder asaltado pol-as cadrillas de profesionales.

Por iso os novos fenómenos romperon-as vellas conceicións, e aquela vida política monopolizada por oligarquías hereditarias veu ensanchar a súa aitividade, que xa non se limita á conservación d-un dereito estrano ao pobo, desconocido pol-o pobo, negador dos verdadeiros dereitos do pobo, sinon que se estende a criar un ambiente de xusticia, dentro do que podan ter libre desenrolo total-as vontades, importando pouco que se afundan ou se renoven as vellas leis, porque sabe que tén que caducar toda lexislación que non repersente un estado de concencia colectiva, e importándolle moito en troques a capacitación do pobo, para dar estado legal en días próximos ás súas necesidades e cobizas.

Da vella conceición nacía o dereito da conquista: da conquista guerreira e da conquista parlamentaria. A finalidade dos Estados achábase nos campos de batalla; a finalidade dos partidos políticos consistía en asaltal-o Poder; e ao marxen d-istas grandes organizaciós ficaban esquecidos os verdadeiros ideás democráticos, ficaba o pobo sumiso e oprimido, e toda unha humanidade irredenta.

A nova conceición significa o triunfo da verdadeira soberanía popular; n-ela todol-os cidadáns poden, e podendo deben intervenir na vida da nación. Da vella conceición xurdía un Estado artificioso, oposto ás necesidades populares. Por iso o pobo instintivamente fuxía d-un Estado que non era o seu Estado; e d-eiquí viña o divorcio entre a vida cidadana e a vida política; e por iso total-as organizaciós obreiras coidaban cumprir e-un outo deber de cidadanía non acudindo ás urnas a consagrar unha ficción legal, bulra sanguineta da verdadeira democracia. Por iso denantes supoñíase un triunfo toda lei de tendencias reformadoras, que caía no pobo como cai un premio da lotería. Oxe en troques nada importa unha lei mais, nada resolve unha nova lei, porque a xente dáse conta de que sucumbirán todol-os organismos actuais que as dictan; o que importa é que o pobo conquiste novas parcelas ideolóxicas, porque será o único elemento de progreso que ha de subsistir a través das convulsións que sofre a humanidade.

A. BALSÁ.

## O Sr. Doval e outros señores

O Sr. Doval, que veu de Madri en procura d-unha acta de deputado a Cortes traguendo no peto unha carta de presentación de Romanones para os agrarios de Chantada, o mesmo que os touros traen chantada no pescozo a divisa da gandería, e despois de que valeizou n-aquelas terras—merecentes de millor sorte—toda a súa infinita cursilería, e da noite prá mañán fíxose criado do señor Pepe Benito, que lle deu unha acta pol-a circunscrición para que calase, publicou agora no "Noroeste" da Cruña un artigo protestando contra do caciquismo d-aquela provincia de Lugo, esquencéndose xa de que aquel caciquismo foi o que o fixo deputado.

Pero o Sr. Doval é un home a quen se lle pode perdoar todo pol-a súa grande modestia. No seu artigo, quente de carraxe, lémbrese das nosas grandes figuras e dí: "Galicia, tierra de Curros Enríquez, Rosalía y Leonardo Rodríguez", cando esta frase lapidaria, para ser certa, débese compretar eisi: "Galicia, tierra de Curros Enríquez, Rosalía, Leonardo Rodríguez y Gerardo Doval!"

\* \* \*

O Sr. Portela Valladares acetou o cárrago de gobernador civil de Barcelona. Isto non nos da frío nin calor; é un accidente na súa vida política que non pode facer trocar a ninguén o concepto que lle mereza a súa sinificada orientación galeguista; e inda quizaves ise cárrago lle sirva para acentuar isa sinificación ao pôrse en contacto cos nacionalistas catalás; quizaves si ou quizaves nón; os feitos n-el-o dirán. Pero o que non cabe dúbida é o dereito e inda o deber que temos de facer unha crítica en col de Portela, porque é un nome de resonancia en Galicia. E porque un periódico de Vigo falou do acto de Portela Valladares en relación coas súas campañas agrarias, unhos galegos de Madri protestan contra do xornal vigués, e arrogándose a representación dos agrarios galegos din que samente "La Zarpa", d-Ourense, e o "Noroeste", da Cruña, poden falar en nome dos agrarios.

¡Somentemente isto era o que lle faltaba a Galicia! ¡Que dende Madri se nos mande a autorización para poder ser agrarios como se manda un inspector de escolas ou un posto da Guardia civil! ¡Que dende Madri se nos diga qué periódico de Galicia debemos lér, coma si se tratara d-un libro de texto! ¡Quen son ises agrarios de Madri? Nós en Madri non conocemos mais agrarios que os gassetistas. ¡Quen son ises galegos de Madri, cursis, ridículos, imbéciles, afeminados, que están aló facendo oposición a caciques, para arrogarse a representación da Galicia agraria? ¡Ou pensan que se pode xugar coas cousas de Galicia, como xogan eles á ruleta no seu "Centro de Galicia"? ¡Rubíusevos ao miolo o centralismo madrileño e xa queredes mandar en Galicia dende os cafés da rúa de Alcalá, entre arrotadas de ofén con soda, mentras vos requentades marcando un tango chulo!

Lea vostede o próximo número de  
**A NOSA TERRA**

## Patria pequena e patria grande

Hai moitos que falan da súa Patria pequena—la *patria chica* dos cursis—e da súa Patria grande, coma si dixéramos, a súa nai e a súa madastra. Somentemente n-ese senso podemos entender a coexistencia de dúas patrias: unha que nos deu a vida e outra que nol-a usurpa; unha que nos criou, e outra que nos explota. Porque a Patria tén un significado filial, de nascimento, de relixiosa sentimentalidade. Falar n-outro senso de dúas patrias, é o mesmo que dicir que non se tén ningunha. Falar de Patria pequena é un aldraxe para idea da Patria, que non é pequena nin grande, porque no orde sentimental o amor á Patria non debe ter límites e non podemos querer mais que unha Patria; e no orde material a Patria de cada un será mais grande ou mais pequena según o término de comparanza que se busque. ¿Chámase grande a Hespaña? Pois meirande que Hespaña é Francia, e mais que Francia Rusia, e mais que Rusia a China. En troques moito mais pequenas son Suiza, Holanda, Bélxica, Dinamarca e moitas mais. ¿E qué será millor, ter por Patria á China, a terra sin lindeiros, ou a Bélxica, que casi cabe na cunca da man?

Os que queren a varias Patrias quérenas para explortalas a todas e para non ter que sacrificarse por ningunha; coma o que quere a moitas mulleres é para gozalas a todas e abandonalas a todas despois. O que fala de Patria pe-

quen e de Patria grande non chegará nunca a ser un bon patriota, pero tén andado moito para ser un bon negociante.

O que mide a grandeza da Patria por kilómetros é o mesmo que medir a bonitura d-unha muller pol-os kilos que pese.

¿Qué incomprensión e canta estulticia supón falar de Patria pequena e grande!

En todo caso eu quero quedarme sempre coa Patria pequena. E quedo en boa compañía. ¿Deprendede sinon, probes espíritus valdeiros, d-estas verbas do gran Pío Baroja!:

“Nosoutros, europeos, pirenaicos e alpinos, amamos os pequenos Estados, os pequenos ríos, os pequenos Deuses, aos que podemos falar de tú”.

E d-estoutras de Xenius:

“Amamos os pequenos Estados, e o amor noso non é sin razón. Os mais belos e froridos momentos da humanidade, a cultura grega e o Renacemento italián, non son obras de Estados pequenos? Póñanse á súa beira a India ou a Rusia”.

¿Canta beleza, qué aristocracia sentimental e qué profundo sentimento humán encerran istas verbas!

XAN DE VENTRACES.

## En poucas verbas

O Sr. Cierva, discutindo no Parlamento os fallos do Tribunal Supremo, dixo que iste cometera unha falsidade. Isto é o mesmo que dicir que o Tribunal Supremo non somentemente non fixo xusticia sinon que cometeu un delito para fallar con inxusticia. E como na nosa terra hai un refrán que dí que o que fai un cesto fai un cento, a acusación de Cierva é unha acusación revolucionaria. Porque os Tribunales na Hespaña non se guían pol-as leis sinon pol-a xurisprudencia do Supremo; nada vale que unha lei diga branco si o Tribunal Supremo dí mouro; mouro será para todol-os Tribunales hespañoles. Por iso a frase de Cierva xustifica total-as violencias e todol-os estados revolucionarios.

Pero si mañán o pobo lle dera estado púbrico, na súa conciencia á frase de Cierva, él sería o primeiro a pedir a cadea para todol-os labercos que houbesen creído na súa sinceridade. Porque os políticos son eisí de lóxicos: chaman revolucionarios a todo o mundo, e son eles os que están desacreditando de cote total-as institucións do Poder púbrico.

\* \* \*

A nosa Mariña de guerra pode estar orgullosa. O cruceiro “Reina Victoria” iba sair para Africa a facer unha guerra, e tivo que meterse no dique a facer unhas reparacións.

Outro cruceiro, o “Cataluña”, vai de viaxe por Europa adiante, e encallou no canal da Manga. E istos son os dous millores cruceiros que tén Hespaña.

¿Ouh manes do Cid, dos Reis Católicos e de Monteiro

Ríos! Ficade tranquíos que téndel-as costas ben gardadas! A vosa Hespaña sigue sendo grande, grande na terra e grande no mar! Grande, única e indivisibre; cada vez mais única e indivisibre.

\* \* \*

E verdadeiramente, pensando ben, ¿para qué quer Hespaña buques de guerra? Porque Hespaña non linda co mar...

\* \* \*

As razas son producto da terra en que viven; son un froito da terra en que viven; son un froito da terra, como tamén son froito da terra a lingua, o arte como a pintura, a música, etc. Ou como se dí agora, son un producto da paisaxe. Todol-os frenólogos, biólogos e antropólogos do século derradeiro perderon o tempo en andar midindo os ángulos do cráneo, pesando o cerebro e facendo outra serie de tonterías para crasifical-as razas e a súa capacidade intelectual. Abondáballes estudar a natureza de cada terra. Porque según é a terra eisí son as xentes; ista verdade é a gran conquista da ciencia moderna. E con ela fican resoltos moitos problemas, como a sinxela lei do péndulo, ou a lei da gravidade expricaron e resolveron moitos fenómenos do mundo físico.

Co isa verdade fica tamén resolto o problema nacionalista. Fixádevos en Castela: mitá das súas terras cada ano quedan valdeiras, a restreva; non teñen vigor para dar colleitas todol-os anos, e teñen que descansar, roldándose. Pois coma aquelas terras son os seus homes: mitá d-eles están en barbeito, e a outra metade, despois de traballar un pouco, volve a ficar en barbeito. Eisí se eisprica que cando

os bárbaros tiraron co Imperio Romano no chán, toda Europa empezou a camiñar cara a unha nova civilización, e samente Hespaña quedou rezagada, tumbada panza arriba na cuneta do camiño, e mentras Europa andivo vinte séculos, Hespaña non andivo mais que dez, porque metade dos seus fillos fican en barbeito cada ano.

Pois d-aquela Galicia, a terra das anadas dobres, ¿non é un crimen contra da Natureza que esteña xunguida ao mandato de Castela, a terra das medias anadas? ¿Non vos dádes conta de que Galicia andaría catro veces mais no camiño da súa civilización e do seu progreso si estivese arredada de Castela?

## Un consello ós Parlamentarios catalás

Nós ademiramos moito aos nacionalistas catalás que ano tras ano van plantear no Parlamento hespañol o problema de Cataluña.

Pero a nosa mesma admiración autorízanos para darlles un consello. Son demasiado iñocentes, e por de contado plantean casi sempre mal o debate. Porque denantes de plantear-o problema da soberanía catalana debían plantear o da soberanía hespañola.

Fixense sinon n-estas catro verdades. Discútese istos días nas Cámaras o separatismo catalán; ao mesmo tempo prepárase a conferencia de Tánger. Todol-os políticos hespañolistas din que o problema de Marrocos é unha cuestión de vida ou morte para Hespaña. Tamén din que a

conquista de Marrocos depende de que Tánxer seña hespañol. E tamén reconocen que Tánxer será o que Inglaterra queira. Hay que ver o papel de noxentos limosneiros que están facendo todol-os xornaes madrileños; si o "Times" dí; si o "Times" non dí; Tánxer, Marrocòs, a vida e morte de Hespaña depende do que Inglaterra queira.

O separatismo supón denantes un Estado soberán. ¿E onde están os atributos da soberanía hespañola? Un telegrama que veña de Londres desfai total-as combinacións dos Gobiernos. ¿Para qué falar, pois, de separarse da Hespaña, si a Hespaña non é unha nación, nin un Estado, si non un xuntoiro de labercos famentos que están a comer e bailar ao son que lles toquen?

Iste era o xeito de plantear-o problema, e despois de planteado, tornar a Cataluña a crear e cincelar a súa soberanía, que non poderá dállela Madrí, porque ninguén pode dar o que non tén.

A. BALSÀ.

## Mondariz

Fai cincuenta anos que as augas d-este famoso Bañeario foron decraradas de utilidade pública. Con tal motivo celebráronse alí festas e a revista "Mondariz" fixo un número extraordinario para conmemorar as bodas de prata d-aquela gran mansión galega.

Ninguén iñora o significado que para Galicia ten o Bañeario de Mondariz. A sonda das súas augas, famosas no mundo enteiro, levaron o nome de Galicia a todol-os recunchos, coma un nome de salvación. Pero sobre todo, o des-

*Alcalde.*—Alcalde, rexedor.  
*Alcalí.*—Alcalí.  
*Alcance.*—Alcance, achego.  
*Alcancia.*—Peto.  
*Alcanfor.*—Cánfora.  
*Alcanzado.*—Acadado, abranguido, logrado.  
*Alcanzar.*—Acadar, abranguer, lograr, chegar, avanzar, recadar, pillar.  
*Alcázar.*—Alcácer.  
*Alcoba.*—Alcoba, cuarto, paizal, sala.  
*Alcohol.*—Alcool.  
*Alcornoque.*—Sobreira.  
*Alcurnia.*—Alcuña, avoenza, abolencia.  
*Alcusa.*—Alcúzara, aceiteira.  
*Aldaba.*—Aldraba, petador.  
*Aldea.*—Aldea.  
*Aldeano.*—Aldeán.  
*Aleación.*—Aleazón.  
*Aleccionar.*—Aleizar, adeprender.  
*Alegación.*—Alegazón.  
*Alegar.*—Alegar.  
*Alegato.*—Alegado.  
*Alegoría.*—Alegoría.  
*Alegar.*—Aledar, legrar.  
*Alegrarse.*—Folgar, legrarse.  
*Alegre.*—Ledo, arrufado, ridente.  
*Alegria.*—Leducia, legria.  
*Alejamiento.*—Alonxamento, afastamento, arredamento.  
*Alejar.*—Alonxar, arredar, afastar.

*Ahucado.*—Ocado, abalofado, oco.  
*Ahucar.*—Ocar, abalofar.  
*Ahumado.*—Afumado.  
*Ahumar.*—Afumar.  
*Ahupar.*—Soerguer, erguer.  
*Ahuyentar.*—Escorrentar, espaxotar, afuxentar, tornar.  
*Aina.*—Axíña, decontado.  
*Aire.*—Ar, aire, xeito, arruallo.  
*Aircar.*—Airear, asollar, abalear.  
*Airoso.*—Airoso, garrido, xeitoso, lanzal, airado.  
*Aislado.*—Isolado, islado, illado.  
*Aislador.*—Isolador, afridoiro.  
*Aislar.*—Isolar, arredar, islar, afastar.  
*Ajada.*—Allada.  
*Ajado.*—Murcho, murchado, sovado, esvaído, moído, deslocido.  
*Ajar.*—Murchar, sovar, asoballar, moer, deslocir.  
*Ajedrez.*—Axedrez.  
*Ajeno.*—Alleo.  
*Ajero.*—Alleiro.  
*Ajimez.*—Aximez.  
*Ajo.*—Allo.  
*Ajuar.*—Alfaias, mobles.  
*Ajuiciado.*—Axuizado.  
*Ajuiciar.*—Axuizar, xulgar.  
*Ajustado.*—Axustado.  
*Ajustar.*—Axustar, concertar, amañar, aven-

tino fixo que a propiedade e dirección d-aquel estabrecimento caíse nas mans d-unha familia chea de nobre enxebreza, a familia Peinador, que fixo d-aquel centro de turismo un santuario da patria galega, onde se rinde perenne culto de amor á Terra, onde tén garimosa acollida todo canto no orde material, no orde artístico e no orde espiritual supón progreso e grandeza de Galicia.

Por iso n-esta data de gloria para o Balneario de Mondariz queremos adicarlle a nosa querendosa lembranza, coa mostra do orgulo que sentimos como galegos por un centro que tanto nos honra, e coa nosa admiración pol-a grande obra da familia Peinador, que ten de soar en todol-os ouvidos coma a expresión da fidalguía, da aristocracia e do patriotismo galegos.

## Duas festas galegas

Para dar a conocer o programa con que se presentou en León e Asturias na súa recente excursión, celebrou un festival no teatro Linares Rivas o día 16 do pasado o notabre coro cruñés "Cantigas da Terra".

Como a cantas festas d'esta natureza se celebran asistiu un público enorme que casi enchía o teatro.

O coro cantou admirablemente as preciosas foliadas e alalás que figuraban no variado programa. Cantou tamén a catro voces "O quer que lle quer", "Adiós, meu meniño", de Adalid, e a foliada "Vañ, todas". Todas elas cantounas de maneira formidabre, sobre todo a delicada e fermosa composición de Adalid, na que demostrou un gusto e unha afinación que merece loubanzas. Así o entendeu

o público que apraudina calurosamente, pedindo a repetición.

Representou tamén o cadro de decramación a graciosa comedia de Prado (Lameiro) "Almas sinxelas". Fixoo moís discretamente, distinguíndose principalmente Manuel Lemus no papel de Xés e Anxel García no de Sidro.

Rematou a festa co Hino Nacional Galego, que o público escoitou relixiosamente posto en pé.

De pasada queremos facer unhas lixeiras observacións que quixéramos ver atendidas en sucesivos festivás. Xá é hora de ir pensando en variar os programas e dar a conocer cousas novas. "O cantar do arrieiro" gustounos sempre, pero a forza de abusar d'él vaise facendo pesado e parécenos comenente aconsellar que se archive durante unha tempada. Notamos na festa deradeira unha innovación que nos agradou. E a de anunciar o que se vai cantar de antes de o facer. Pero co que de ningunha maneira podemos estar conformes é con que o anuncio fágase n'outro idioma que non sexa o galego. Vimos por exemplo como ao ir cantar un alalá do Cebreiro, o corista encarregado de o decir anunciou con voz crariña e ben timbrada un *Alalá del Cebreiro*. O mesmo fixo co'a *Foliada de La Coruña* e unhafoliada a *cuatro voces*.

O efecto é desastroso. Agardamos que non se repita.

Todo o demais moi ben e por elo enviamos a "Cantigas" unha embora entusiasta e sinceira.

\* \* \*

No teatro Rosalía Castro presentouse por primeira vez ao público, o día 22, o novo coro cruñés "Queixumes dos Pinos". O teatro estaba materialmente abarrotado de público, pois despertara verdadeiro interés a presentación de "Queixumes". Este é unha agrupación que chegará

zar.

*Ajuste*.—Axuste, avenza.

*Ajusticiar*.—Axustizar.

*Al*.—Ao.

*Ala*.—Aa.

*A la*.—Â.

*Alabado*.—Alabado, louvado, gabado.

*Alabanza*.—Louvanza, gabanza, alando, louvor, loanza.

*Alabar*.—Louvar, gabar, alandar.

*Alacena*.—Lacea, lacena.

*Alado*.—Alado, aludo, aado.

*Aladrado*.—Suco, rego.

*Alambicar*.—Alambicar.

*Alambre*.—Arame, fio de ferro, aramio.

*Alameda*.—Bidueiral, paseo arboreado.

*Alamaq*.—Bidueiro.

*Alarde*.—Alardé, fachenda, alardeamento, arruallo.

*Alargar*.—Alongar, estricar, estarricar.

*Alarido*.—Allerido, berro, choradeira, laio, aturuxo, asúo.

*Alarma*.—Alarma.

*Alarmar*.—Alarmar, asustar.

*Alba*.—Alba, alborada, albor.

*Albacea*.—Albacea.

*Albañil*.—Albañil.

*Albarda*.—Albarda.

*Albardero*.—Albardeiro.

*Albaricoque*.—Albérchego.

*Albear*.—Albexar, branquexar.

*Albedrio*.—Albedrio.

*Albeitar*.—Albeite.

*Alberca*.—Alberca.

*Albergar*.—Agasallar, agarimar, acoller, albergar.

*Albergue*.—Albergue, agarimo, agasallo, albergaría, casa-cuberta.

*Albilla*.—Alvariño, alvarello.

*Albino*.—Albino.

*Albo*.—Albo, branco.

*Alborear*.—Alborear, alborecer, crarecer.

*Alborotado*.—Alborotado, arruallado.

*Alborotador*.—Barulleiro, badúa.

*Alborotar*.—Barullar, berrar, bradar, baduar, barballoar, revoltar, acender.

*Alboroto*.—Barullo, balbordo, revolta.

*Alborozar*.—Arrufar, aledar, choutar, rebuldar.

*Alborozo*.—Arrufo.

*Album*.—Album.

*Albricias*.—Albizaras, albrixaras.

*Albúmina*.—Albúmina.

*Albura*.—Albura, brancura, branqueza.

*Alcabala*.—Alcabala.

*Alcabalero*.—Alcabaleiro.

*Alcacer*.—Alcaén.

*Alcahuetar*.—Alcayotar.

*Alcahete*.—Alcayote.

*Alcaide*.—Alcaide.

a conquistar loureiros e trunfos. Fai un conxunto moi lucido e vistoso.

Contan con oito garridas rapazas que cantan ben e que lle dan ao coro moito realce. Somentes notamos n'unha d'elas que canta bastante desafinadamente e destaca a sua voz por riba das demais, producindo un efecto contraproducente que tén ademais o perigo de facer perder ao resto dos coristas.

O programa moi bonito, e composto de cantigas novas casi todas.

As que mais nos gustaron e que coidamos cantou millor o coro, foron "A foliada de Tuy" e a pandeirada da segunda parte. Nas dúas obras a catro voces notamos falla de harmonía e afinación. Matizando un pouco mais non tardará en cantal-as ben.

Todos esto sdetalles pódese decir que son productos da falla de práctica e o azaramento propio da primeira presentación ao público. Pero son fáciles de corrixir e corrixíranse. Temos a seguridade que n-outro festival que celebren veremos corrixidas estas faltas que anotamos con toda imparcialidade, e atentos nada mais que ao desexo do seus milloramento.

As tres parellas de baile fanno moi ben. Coleitaron grandes aprausos.

O cadro de decramación representou un diálogo titulado "Queixumes dos Pinos", que non nos deu frío nin calor, e a comedia de Nan de Alhariz "O Zoqueiro de Vilaboa", que agradou, pero que aconsellamos non se volva a poñer por estar baseado n'un asunto xá vello e ridículo. No repertorio teatral galego hai obras de mais actualidade e mais dinas de seren representadas.

Rematáron-a festa co Hino Galego, que estimaríamos fose cantado con mais brio e mais movido.

O público saíu moi compracido despois de apraudir longamente a labor realizada pol-o coro.

Enviamos a "Queixumes" un garimoso aprauso, ao mesmo tempo que a nosa embora, e pedímoslle continúe

con entusiasmo na labor para que foi creado, na seguranza de que conquistará grandes trunfos. Así faino supoñer a sua primeira saída.

\* \* \*

Con ledicia folgámonos da creación do novo coro pol-a gran labor que realizan estas enxebres agrupacións, pois ademais de dar a conoecer a nosa música popular fan tamén unha boa obra en favor do teatro galego, representando obras en total-as festas que celebran. En casi todol-os pobos de Galicia existe hoxe algún coro. Na Cruña temos dous e os dous son bós. Compre agora que eles non desmaíen na sua labor e que traten sempre de se superar. Xá está visto que o público préstalles sempre agarimosa acollida pois cada festa é un éxito mais e celébranse sempre con abarrotos compretos. Teñan esto en conta a procuren estar decote en relación co favor que o público venlles dispensando.

Notamos tamén como estas festas vanse enxebriando cada vez mais. Agora fanse os programas en galego, o público acude con entusiasmo e interés e o noso Hino Nacional escóitase sempre de pé e con verdadeira relixiosidade. Todo esto non pasaba fai tres anos e por iso nós querémol-o rexistrar pol-o que representa.

## Un gran pintor galego

Leemos nos xornás de Madri que no Ateneo d'aquel pobo acaba de facer unha exposición de cuadros o novo pintor galego Amando Suárez Couto, natural de Ribadeo.

Todol-os xornás e os millores críticos adican grandes loubanzas a este novo intérprete da paisaxe galega, a quen dicen agardalle unha vida chea de trunfos.

Hoxe non podemos facer mais que recoller esta boa nova, agardando a poder admirar algún traballo seu con motivo da exposición que na Cruña vaise facer no mes de Agosto.

## A SUPERIORIDADE

DOS

# CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores. Mais o procedere d'unha industria gallega,

## HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pol-a sua Terra.

Fábrica: Juan Flórez, 136 — A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15 - A Cruña.

Real, 110 - Ferrol.

Príncipe, 9 - Vigo.

# Incombustibles lixeriras Impermeables as pizarras C. Y. T.

son a millor cuberta para tellados

Pódense ver empregadas nos edificios: Cuartel das Mercedes, de Lugo; Balneario de Guitiriz, e nos edificios recentemente construídos no Campo da Estrada, da Cruña, para Inxenieros militares, etc., etc.

Son perfectamente regulares, cortadas a máquina e solo pesan 16 kilos metro cuadrado

Vendedor exclusivo: VIUDA DE NOVOA

Payo Gómez, 6 - A CRUÑA

## EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

**F. BERTRAN E MIRAMBELL**

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

## “Patente-Salvavidas“

O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

**F. Bertran e Mirambell**

VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS

LIBRERIA — PAPELERIA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

## FARMACIA EUROPEA

— DE —

**Lopez Abente**

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecementos da súa eras que mais honran a Galicia. Montada con arreglo aos derradeiros adiantos.

## Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursales: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa  
Aparellos, armados e en panos, para barcos pesqueiros

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses  
Aceites minerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,  
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS  
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

## Grandes Almacés de Tecidos NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión e Estranxeiro. Confeciónanse toda crásprendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 250

A CRUÑA